

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de marzo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(272).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(273).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2015. EXPTE. 102893/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.03.16, dáse conta do informe-proposta, de data 30.03.16, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social, o secretario de Admón. Municipal e a concelleira delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, nas súas sesións extraordinarias e urxentes do 30.12.2014, 13.02.2015 (modificación) e 13.03.2015 (corrección), acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 102893/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2015 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=607&lang=ga>) e no BOP de Pontevedra nº 88, do 12.05.2015. O prazo de presentación de solicitudes comezou o 13.05.2015 e rematou o 09.06.2015.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 3.007 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 16.11.2015).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 23.11.2015 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.828 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 150059701 e remata co nº 150121711), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015». O gasto total (1.799.909,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.179 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 150059277 e remata co nº 150082714) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local algúns dos interesados presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición que forón obxecto de informe e proposta de resolución. De todos eles, propónse á XGL estimar un total de 40, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria. A estimación destes recursos representaría un gasto de 30.013,25€ que podería financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministradores e alimentación – 2015 (Concello de Vigo; XGL 30.12.2014, 13.02.2015 (modificación) e 13.03.2015 (corrección); BOP nº 88, do 12.05.2015).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 23.11.2015, desestimatorios das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer os recursos presentados individualmente, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisados de novo os seus expedientes, resulta acreditado que os interesados, no mes considerado para os efectos destas axudas (xaneiro 2015) cumprían os requisitos para ser perceptores destas axudas.

En consecuencia, revisadas e valoradas de novo as súas solicitudes de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle aos solicitantes que a continuación se relacionan o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» unha axuda polo importe indicado para cada un de eles.

AEFAS 2015 RECURSOS ESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
1	36.117.974-Q.	113627/301 150165159	1.329€
2	X9635034-N	110052/301 150163249	443€
3	36.084.049-Q	113800/301 150152868	553,75€
4	34.892.740-S	113723/301 150160511	1.550,50€

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
5	36.091.255-T	110284/301 150167244	443€
6	54.470.597-L.	112603/301 150159469	332,25€
7	54.430.814-A.	112341/301 150158482	1.439,75€
8	54.657.048-D.	112593/301 150153706	443€
9	X3466913-P.	113600/301 150172340	1.550,50€
10	70.812.550-N.	113270/301 150172859	886€
11	44.053.146-G.	110598/301 150157857	1.329€
12	34.577.232-K.	113346/301 150172146	332,25€
13	36.104.430-L.	110785/301 150152210	221,50€
14	X8773204-S.	111653/301 150155299	443€
15	X2697962-Q.	112933/301 150159626	443€
16	36.149.394-H	110816/301 150155276	664,50€
17	36.142.346-P	110681/301 150154613	221,50€
18	54.384.071-L.	110578/301 160001780	221,50€
19	39.463.797-Y	111332/301 150160874	110,75€
20	76.992.198-C.	113551/301 150159768	443€
21	36.002.195-L.	112696/301 150160111	443€
22	36.145.110-N.	112076/301 150156342	443€
23	34.265.397-C.	106603/301 150157739	1.550,50€
24	Y2201869-R.	110218/301 150157145	1.107,50€
25	36.088.671-S.	110446/301 150175085	664,50€
26	X6871432-K.	112369/301 150152010	332,25€
27	77.482.714-S	113975/301 150155980	553,75

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
28	X0735404-W.	113341/301 150.075.717	664,50€
29	Y0610155-W.	112861/301 150155882	1.439,75€
30	39.466.174-Z.	111709/301 150157645	1.550,50€
31	X4239031-Q.	113572/301 150160422	443€
32	Y1262055-J.	111330/301 150152588	221,50€
33	Y1854843-E.	109857/301 150153252	664,50€
34	X1836459-R.	111671/301 150161363	886€
35	36.145.610-Y.	106637/301 150154337	1.772€
36	53.188.176-D	111280/301 150156013	1.107,50€
37	36.112.120-G.	110259/301 150171945	775,25€
38	X3072837-Z.	110169/301 150157264	221,50€
39	53.183.218-L.	111440/301 150165117	886€
40	02.664.563-J.	111224/301 150157694	886€
			TOTAL: 30.013,25€

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar os recursos potestativos de reposición presentados polos solicitantes, que a continuación se relacionan, contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.11.2015 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto polo importe indicado, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
1	36.117.974-Q.	113627/301 150165159	1.329€

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
2	X9635034-N	110052/301 150163249	443€
3	36.084.049-Q	113800/301 150152868	553,75€
4	34.892.740-S	113723/301 150160511	1.550,50€
5	36.091.255-T	110284/301 150167244	443€
6	54.470.597-L.	112603/301 150159469	332,25€
7	54.430.814-A.	112341/301 150158482	1.439,75€
8	54.657.048-D.	112593/301 150153706	443€
9	X3466913-P.	113600/301 150172340	1.550,50€
10	70.812.550-N.	113270/301 150172859	886€
11	44.053.146-G.	110598/301 150157857	1.329€
12	34.577.232-K.	113346/301 150172146	332,25€
13	36.104.430-L.	110785/301 150152210	221,50€
14	X8773204-S.	111653/301 150155299	443€
15	X2697962-Q.	112933/301 150159626	443€
16	36.149.394-H	110816/301 150155276	664,50€
17	36.142.346-P	110681/301 150154613	221,50€
18	54.384.071-L.	110578/301 160001780	221,50€
19	39.463.797-Y	111332/301 150160874	110,75€
20	76.992.198-C.	113551/301 150159768	443€
21	36.002.195-L.	112696/301 150160111	443€
22	36.145.110-N.	112076/301 150156342	443€
23	34.265.397-C.	106603/301 150157739	1.550,50€
24	Y2201869-R.	110218/301 150157145	1.107,50€

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
25	36.088.671-S.	110446/301 150175085	664,50€
26	X6871432-K.	112369/301 150152010	332,25€
27	77.482.714-S	113975/301 150155980	553,75
28	X0735404-W.	113341/301 150.075.717	664,50€
29	Y0610155-W.	112861/301 150155882	1.439,75€
30	39.466.174-Z.	111709/301 150157645	1.550,50€
31	X4239031-Q.	113572/301 150160422	443€
32	Y1262055-J.	111330/301 150152588	221,50€
33	Y1854843-E.	109857/301 150153252	664,50€
34	X1836459-R.	111671/301 150161363	886€
35	36.145.610-Y.	106637/301 150154337	1.772€
36	53.188.176-D	111280/301 150156013	1.107,50€
37	36.112.120-G.	110259/301 150171945	775,25€
38	X3072837-Z.	110169/301 150157264	221,50€
39	53.183.218-L.	111440/301 150165117	886€
40	02.664.563-J.	111224/301 150157694	886€
			TOTAL: 30.013,25€

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(274).- PROPOSTA DE CONTINUACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DE ZONAS VERDES DURANTE A EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN 901/2015 DO TACRC.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.03.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 30.03.16, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Contratación, e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 5 de outubro de 2015, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en adiante TACRC), en resolución n.º 901/2015, estima o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluila do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

É preciso recordar que este procedemento foi aprobado en acordo da XGL en data data 26 de setembro de 2014, no cal se dispoñía a apertura do procedemento de licitación. Tras a substanciación do mesmo, en data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación do procedemento obxecto deste recurso a ALTHENIA, S.L., empresa que na actualidade está prestando o servizo.

Segundo.- En data 14 de decembro de 2015, esta administración interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a citada resolución, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (en adiante TSXG), solicitando no escrito anunciando o recurso a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución.

Terceiro.- En Auto de data 7 de marzo de 2016, o TSXG acorda denegar a adopción da citada medida cautelar de suspensión solicitada polo Concello de Vigo.

Cuarto.- En data 14 de marzo de 2016 deuse conta á Mesa de contratación desta resolución; e a efectos do seu cumprimento, e para determinar as actuacións a seguir, solicitou sendos informes ó xefe do servizo xestor, Montes, parques e xardíns, e a xefa do servizo de Contratación. Ambos informes foron evacuados en data 16 de marzo de 2016.

Quinto.- En data 16 de marzo de 2016, dáse conta á Mesa de contratación dos citados informes:

- No primeiro deles, ponse de manifesto os prexuízos que causaría o deixar de prestar o servizo de mantemento das zonas verdes.*
- No segundo, se detallan o procedemento a seguir para a execución da resolución 901/2015 do TACRC. Á vista do mesmo, a mesa, por unanimidade dos asistentes, acordou solicitar ó xefe de xardíns un informe de clasificación en orden descendente das ofertas admitidas no Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo.*

Sexto.- Na sesión da mesa de contratación do 18 de marzo de 2016 entregouse o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns de valoración dos criterios a través de fórmula.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-/-

Da execución da resolución nº 901/2015 do TACRC

A execución da resolución do TACRC implica retrotraer o expediente ó momento anterior á exclusión desta mercantil do procedemento de licitación dos servizos de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo. O iter a seguir sería o seguinte:

- Deberá convocarse a Mesa de Contratación para que proceda a unha nova valoración das ofertas económicas incluíndo a citada mercantil, para a continuación realizar a clasificación de ofertas por orde descendente (artigos 22.e do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e 151 do TRLCSP).*
- Realizada a proposta de clasificación pola mesa, esta deberá ser aprobada polo órgano de contratación (artigo 151.1 do TRLCSP).*
- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación requirida na lei e na cláusula 21 do PCAP (artigo 151.2 do TRLCSP).*
- Recibida a documentación, será revisada pola Mesa, que elevará proposta de adxudicación ó órgano de contratación, que deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, previa fiscalización do mesmo pola Intervención municipal (artigo 151.3 do TRLCSP).*
- Aprobada a adxudicación pola XGL, e dado que tratase dun contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores (artigo 156.3 do TRLCSP).*

Aínda que xa se iniciaron as actuacións de retroacción do expediente ó momento anterior á exclusión de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, do procedemento de licitación, o cumprimento de todos os anteriores trámites conleva que o contrato non poderá adxudicarse, aproximadamente, ata que transcorra un mes. E se fose recorrido o acordo de adxudicación este prazo dilataríase, se ben os prazos serían diferentes segundo o tipo de recurso que se interpoña:

- Se contra o acordo de adxudicación interponse un recurso especial en materia de contratación ante o TACRC, interposto o recurso no prazo dos quince días seguintes á notificación da adxudicación, por imperativo do disposto no artigo 45 do TRLCSP, quedará en suspenso a tramitación do expediente e por ende, non será posible formalizar o contrato ata a resolución do recurso.*
- Se contra o acordo de adxudicación interponse un recurso contencioso-administrativo, o prazo de interposición é de dous meses seguintes á notificación da adxudicación. Se ben, probablemente o recorrente solicítase do xulgado do contencioso-administrativo competente a medida cautelar de suspensión da formalización do contrato, o certo é que transcorrido o prazo de interposición do recurso especial non habería obstáculo para formalizar o contrato, polo que é probable que o contrato xa estea formalizado no intre da interposición e esta medida carecería de sentido. Aínda que non é descartable que os posibles recorrentes opten por vías de impugnación diferentes, como ten acontecido xa neste procedemento, e no momento da interposición do recurso contencioso-administrativo estea o procedemento en suspenso a espera da resolución dun recurso especial polo TACRC.*

-II-

Da nulidade do contrato de ALTHENIA e a necesidade de continuar a prestación do servizo durante a execución da resolución do TACRC

A resolución do TACRC trae como consecuencia que os actos realizados no procedemento con posterioridade a exclusión de VALORIZA debeñan nulos. Por conseguinte, o contrato celebrado con ALTHENIA, empresa que na actualidade presta o servizo, é nulo.

No entanto, o xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, en informe de data 16 de marzo de 2016, pon de manifesto a necesidade de continuar sen interrupcións a presentación do servizo de mantemento das zonas verdes e os parques forestais e os riscos que suporía o contrario:

“A conservación e mantemento destas zonas con diferente tipoloxía e distribuídas o longo do termo municipal precisan de labores cotidianos non solo para garantir a súa calidade ornamental senón para asegurar a súa supervivencia (...) Entre as zonas obxecto de contrato, atópanse algunhas de especial consideración como os xardíns do Pazo de Castrelos, considerados un ben de interese cultural (BIC), con uns tratamentos moi precisos e con unha superficie de aproximadamente 2,5 Has., engadindo a rosaleira, o xardín francés... Non menos importante por outra banda son os elementos non vexetais existentes nas áreas verdes como son: as pistas deportivas, e o mobiliario urbano, nos que as labores encamiñadas a garantir a seguridade son de especial importancia polo tipo de uso e polos usuarios dos mesmos. Mención aparte requiren as piscinas ao aire libre existentes na praia de Samil e que necesitan unha supervisión presencial diaria (socorristas) xa que debido ao seu emprazamento atraen unha elevada carga de usuarios tendo ademais en conta que permanecen abertas entre os meses de abril e setembro”. Respecto dos parques forestais manifesta que “A conservación e mantemento destas zonas distribuídas no cinturón verde da cidade precisan de labores cotidiás para garantir a súa supervivencia. Nestas zonas as labores de poda de seguridade e os desbroces teñen unha elevada frecuencia o atoparse en espazos naturalizados e sometidos a unha elevada presión humana no período estival.

No período actual no que os crecementsos vexetais son mais altos e importante prestar especial atención as frecuencias dos desbroces, dado que un crecemento descontrolado da vexetación provoca unha carga de combustible natural que unida as elevadas temperaturas previsibles e a alta carga de usuarios no período poden supoñer un elevado risco de incendio forestal, e dado que estas zonas forman parte integrante de montes en man común de moitas mais amplas superficie, calquera inicio e propagación do mesmo pode ter consecuencias de devastadoras proporcións no eido medio ambiental e económico sendo o monte en man común una fonte de recursos considerable para as comunidades. Por outra banda a non prestación dun Servizo de conservación e mantemento das superficies forestais cedidas suporía un incumprimento do convenio de cesión das superficies feitas por algunhas comunidades". Conclúe este informe dicindo que "Por todo o indicado anteriormente (riscos de incendios, seguridade en piscinas, supervivencia dos elementos vexetais, mantemento de infraestruturas de rega...) a prestación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes considerase imprescindible, se ben, a xuízo do servizo, e indiferente a empresa que o preste sempre e cando cumpra cas especificacións do prego de prescricións técnicas".

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que a vista do exposto no fundamento xurídico anterior, é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

O artigo 35.3 do TRLCSP dispón que "Si a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo". Aplicando analoxicamente este precepto ó caso que nos ocupa, podería continuar ALTHENIA a prestación do servizo, nas mesmas condicións que o presta na actualidade ata a formalización do contrato coa empresa que resulte adxudicataria do mesmo. Nesta liña, a Xunta Consultiva de Contratación, no informe 44/06, de 30 de outubro de 2006, nun caso de nulidade similar, admite a posibilidade de aplicar o artigo 22 da Lei de contratos das Administracións públicas, equivalente o 35 do TRLCSP, polo tempo estritamente indispensable para evitar prexuízos ó interese público. Neste caso, o tempo estritamente indispensable enténdese que abarca ata a formalización do contrato co licitador, que no seu caso, resulte adxudicatario.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Continuar a prestación do servizo de mantemento de zonas verdes da cidade de Vigo pola empresa ALTHENIA, S.L., nas mesmas condicións que as establecidas no contrato anulado desde o Auto do TSXG de 7 de marzo de 2016 ata a formalización do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(275).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COMO AUTORIZADE URBANA ASOCIADA Ó PROXECTO “VIGO INNOVA” PARA PRESENTAR A 1ª CONVOCATORIA DE PROPOSTAS PARA URBAN INNOVATIVE ACTIONS-PROGRAMA OPERTIVO FEDER 2014-2020. EXPTE. 2825/440. EXPTE. 3824/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 31.03.16, dáse conta do informe-proposta do 30.03.16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe de Unidade de Recursos e Programas, e conformado pola concelleira delegada de Transporte e Proxectos Estatais e Europeos, e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DO PROXECTO

Tal e como se establece no artigo 8 do FEDER, o FEDER poderá apoiar medidas innovadoras no ámbito do desenvolvemento urbano sustentable. Neste marco, a Comisión Europea puxo en marcha a iniciativa Urban Innovative Actions (UIA) co obxectivo de atopar e probar solucións novas para problemas relativos ao desenvolvemento urbano sustentable que resulten relevantes para o conxunto da Unión.

A Iniciativa UIA conta cun orzamento total do FEDER duns 372 millóns de euros. Os proxectos UIA seleccionaranse mediante convocatorias de propostas anuais, desde 2015 até 2020, ao redor dun ou varios temas que proporá a Comisión. Para esta primeira convocatoria asignouse un orzamento de 80 millóns de euros.

Cada proxecto poderá recibir até 5 millóns de euros de cofinanciación do FEDER. Non se estableceu un límite mínimo para os orzamentos de proxectos UIA. Con todo, os proxectos máis pequenos poderían ter menos posibilidades de ser elixidos, posto que terán maiores dificultades á hora de demostrar que as accións teñen unha magnitude suficiente como para xerar conclusións significativas.

A execución do proxecto debe levar a cabo durante un período máximo de 3 anos.

A Comisión decidiu alinear estreitamente os temas que as Autoridades Urbanas poderán abordar a través da Iniciativa UIA con aqueles temas definidos no marco da Política Urbana da UE.

En concreto, cada convocatoria de propostas para UIA centrarase nun número limitado de temas. Nesta primeira convocatoria, os solicitantes poderán enviar propostas de proxecto relativas aos temas que se indican a continuación:

- *Pobreza urbana (con especial atención a barrios urbanos desfavorecidos).*
- *Integración de migrantes e refuxiados.*
- *Transición enerxética.*
- *Emprego e competencias na economía local.*

Tal e como se adiantou, a Comisión quere recibir proxectos que propoñan solucións creativas, innovadoras e sustentables para abordar os desafíos indicados. Posto que a UIA tamén será un laboratorio de ideas novas, a Comisión pretende fomentar os experimentos novos que se baseen na experiencia obtida en diversas disciplinas. Por iso, a Comisión evitou unha limitación excesiva á hora de describir os tipos de proxectos que espera recibir.

A proposta do proxecto que está a desenvolver a Deputación Provincial de Pontevedra, atopase centrado na temática:

EMPREGO E COMPETENCIAS NA ECONOMÍA LOCAL.

OBXECTIVO: (OE 030102) Creación de novas empresas e viveiros de empresas, en particular mellorando o acceso a financiamento e a servizos de apoio avanzados.

Obxecto do proxecto.

O proxecto terá unha dobre vertente:

- *Creación de infraestrutura de soporte mediante a adaptación e conversión de Leira Solita como Centro de Axuda á economía da cidade: viveiro de empresas e centro de apoio á comercialización de produtos das PEMES.
Este centro será sede e nel levarán a cabo as seguintes actividades:*
 - *Creación de redes colaborativas para comercialización de produtos e servizos e mellora da economía local.*
 - *Creación de redes de economía circular.*
 - *Formación en comercialización e internacionalización.*
 - *Soporte a iniciativas de emprego xuvenil en ámbitos emerxentes: cultural, deportivo, turístico e apoio á dependencia.*

- *Desenvolvemento de experiencia piloto para o fomento do emprego xuvenil: Creación dunha rede de PEMES / autónomos / persoal laboral en Administración local dedicados a servizos de apoio en ámbitos emerxentes:*
 - *Turístico + deportivo: Socorristas.*
 - *Cultural: Dinamizadores de actividades culturais en barrios.*
 - *Medio ambiental: Dinamizadores de actividades ambientais en barrios.*
 - *Dependencia social: Técnicos de apoio a familias con persoas dependentes en barrios.*

Este obxectivo tanxencial pretende xuntar varias dos eixos da UIA, neste caso eliminar os desequilibrios e desigualdades entre as distintas zonas da cidade, buscando alcanzar un maior grao de converxencia entre as distintas zonas

Dentro do programa “Vigo Innova” establécense tres niveles de actuación:

a) Captación dos desempregados. Un grupo de dinamizadores traballa na captación das persoas desempregados para que participen dentro do os programas. Identifícase aos mesmos, leva a cabo unha análise das súas preferencias laborais, motivacións e organiza sesións de información grupais. Finalmente adecúan, segundo os distintos perfís, as actuacións a seguir por cada un deles.

b) Actuacións técnicas. Estas actuacións están orientadas á mellora da empleabilidade do desempregado, ofrecendo unha atención personalizada, formación, dando a coñecer os recursos da zona, facilitando a súa inserción laboral. Ademais, ponse en contacto co sector empresarial para posteriormente actuar como mecanismo de intermediación entre as empresas e os desempregados.

c) *Coordinación.* Neste nivel celébranse comisións de seguimento dos plans de emprego de barrio formados pola axencia e a federación de veciños, onde avalían os obxectivos e as liñas implantadas.

En definitiva a creación dunha infraestrutura nun lugar emblemático da cidade e na zona peri-urbana, onde será mais visible a súa importancia. Permitirá crear un lugar de encontro, tanto para as iniciativas empresariais como para demandantes de emprego e formación.

A día de hoxe as iniciativas empresariais teñen pouco apoio na súa xestión polo que se o centro serve de contacto, de guía, de formación e mesmo de aval para o seu financiamento, o percorrido pode ser de maior éxito que cando a iniciativa é soportada unicamente polo emprendedor.

PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.

A proposta da Deputación Provincial de Pontevedra, propón a participación do Concello de Vigo baixo a condición de AUTORIDADE URBANA ASOCIADA.

A súa participación neste proxecto de ser aprobado pola Comisión Europea consistirá, por unha banda na posta a disposición do inmovible de titularidade municipal ubicado en Alcabre "Finca Solita" para a execución dun proxecto de rehabilitación e a execución do proxecto. Así mesmo a proposta inclúe que o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo, colabore na difusión do desenvolvemento do proxecto. O desenvolvemento do proxecto conta tamén coa participación da Universidade de Vigo como "socio executor"

De acordo coa proposta realizada pola Deputación Provincial de Pontevedra e tendo en conta que o proxecto estará liderado directamente por esta institución como AUTORIDADE URBANA, os compromisos da financiación serán executados na súa totalidade pola financiación aprobada dos fondos europeos, e a aportación do 20 % obrigatorio será asumida pola Deputación Provincial de Pontevedra na súa condición de Autoridade Urbana líder do proxecto, polo cal, o desenvolvemento das actuacións vinculadas o Concello de Vigo serán estipuladas a través dun convenio de colaboración entre ambas institucións, e non significarán gasto para o Concello de Vigo.

En relación a proposta de rehabilitación do edificio existente na parcela de titularidade municipal "finca solita", e oportuno indicar que o Concello de Vigo dispón dun proxecto de rehabilitación para a reconstrución do dita inmovible como centro socio-comunitario, contratado e executado no ano 2007, polo cal o mesmo se pon a disposición do Deputación Provincial co obxectivo de adecuar as actuacións que se pretenden dentro da actual proposta.

En base a todo o exposto, á vistas do Decreto de Delegacións de competencia do Alcalde-Presidente na Xunta de Goberno Local de data 19.06.2015 e tendo en conta a proposta de proxecto presentado pola Deputación Provincial de Pontevedra, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Vigo como AUTORIDADE URBANA ASOCIADA na proposta da Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do proxecto "VIGO INNOVA", co obxectivo de concorrer a primeira convocatoria para a selección de proxectos de Accións Urbanas

Innovadoras que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER 2014-2020.

Segundo: O desenvolvemento do proxecto será establecido de acordo co programa proposto pola Deputación Provincial de Pontevedra a través dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, vinculado a aprobación do proxecto "Vigo Innova" por parte da Comisión Europea no marco da convocatoria de subvención para as iniciativa Urban Innovative Actions (UIA).

Dito convenio recollera os compromisos das partes para o desenvolvemento do citado proxecto e que de forma xeral establecerá os requisitos para a posta a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra do inmovible de titularidade Municipal ubicado en Alcabre "Finca Solita" para a execución dun proxecto de rehabilitación como base para o desenvolvemento do proxecto. Así mesmo o convenio desenvolverá as pautas de colaboración do Concello de Vigo como Autoridade Urbana asociada, tendo en conta que a participación do Concello obriga a ningún compromiso de financiación dos gastos do proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(276).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "GREEN PARQUE DEPORTIVO DAS TRAVESAS. A ZONA ECODEPORTIVA DE VIGO" PARA A PRIMEIRA CONCOATORIA DE PROPOSTAS URBAN INNOVATIVE ACTIONS-PROGRAMA OPERTIVO FEDER 2014-2020. EXPTE. 3825/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30.03.16, asinado o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe de Unidade de Recursos e Programas, a concelleira delegada de Transporte e Proxectos Estatais e Europeos, o concelleiro delegado de Fomento, e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DO PROXECTO

Tal e como se establece no artigo 8 do FEDER, o FEDER poderá apoiar medidas innovadoras no ámbito do desenvolvemento urbano sustentable. Neste marco, a Comisión Europea puxo en marcha a iniciativa Urban Innovative Actions (UIA) co obxectivo de atopar e probar solucións novas para problemas relativos ao desenvolvemento urban sustentable que resulten relevantes para o conxunto da Unión.

O obxectivo principal da Iniciativa UIA é por tanto facilitar espazos e recursos ás autoridades urbanas de toda Europa para pór a proba ideas audaces que non se probaron até o momento para facer fronte a desafíos conectados e estudar como responden esas ideas ante a complexidade da vida real. Os proxectos que recibirán esta axuda serán innovadores, de alta calidade, deseñados e desenvolvidos coa participación de partes interesadas clave, orientados aos resultados e transferibles.

A Iniciativa UIA conta cun orzamento total do FEDER duns 372 millóns de euros. Os proxectos UIA seleccionaranse mediante convocatorias de propostas anuais, desde 2015 até 2020, ao redor dun ou varios temas que propondrá a Comisión. Para esta primeira convocatoria asignouse un orzamento de 80 millóns de euros.

Cada proxecto poderá recibir até 5 millóns de euros de cofinanciación do FEDER. Non se estableceu un límite mínimo para os orzamentos de proxectos UIA. Con todo, os proxectos máis pequenos poderían ter menos posibilidades de ser elixidos, posto que terán maiores dificultades á hora de demostrar que as accións teñen unha magnitude suficiente como para xerar conclusións significativas.

A execución do proxecto debe levarse a cabo durante un período máximo de 3 anos.

A Iniciativa UIA é un instrumento da Comisión e a súa xestión atópase en mans da DG de Política Rexional e Urbana, baixo a forma de xestión indirecta. Co obxectivo de levar a cabo esta Iniciativa, a Comisión designou á rexión de Nord-Pas de Calais como Entidade Delegataria. Así mesmo, estableceuse unha Secretaría Permanente (SP) para a xestión da Iniciativa.

A Iniciativa UIA segue o principio de "custos totais". O FEDER financia os proxectos até o 80% dos custos subvencionables. Todos os socios que reciban unha subvención FEDER deben conseguir aportacións públicas ou privadas para completar o seu orzamento (polo menos un 20%), xa sexa dos seus recursos propios ou de recursos doutras fontes. Con todo, recoméndase que a maioría de achegas proveñan de fontes de financiamento público.

AUTORIDADES ELEXIBLES

As autoridades que poderán solicitar a axuda para levar a cabo proxectos de UIA son:

- Calquera autoridade urbana dunha unidade administrativa local definida en función do grao de urbanización como cidade, localidade ou suburbio que teña polo menos 50.000 habitantes.
- Calquera asociación ou agrupación de autoridades urbanas de unidades administrativas locais definidas en función do grao de urbanización como cidades, localidades ou suburbios que somen polo menos 50.000 habitantes; estas asociacións ou agrupacións poderán ser transfronteirizas ou estar situadas en distintas rexións e Estados membros.

A Comisión decidiu alinear estreitamente os temas que as Autoridades Urbanas poderán abordar a través da Iniciativa UIA con aqueles temas definidos no marco da Política Urbana da UE.

En concreto, cada convocatoria de propostas para UIA centrarase nun número limitado de temas. Nesta primeira convocatoria, os solicitantes poderán enviar propostas de proxecto relativas aos temas que se indican a continuación:

- Pobreza urbana (con especial atención a barrios urbanos desfavorecidos).
- Integración de migrantes e refuxiados.
- Transición enerxética.
- Emprego e competencias na economía local.

Tal e como se adiantou, a Comisión quere recibir proxectos que propoñan solucións creativas, innovadoras e sustentables para abordar os desafíos indicados. Posto que a UIA tamén será un laboratorio de ideas novas, a Comisión pretende fomentar os experimentos novos que se baseen na experiencia obtida en diversas disciplinas. Por iso, a Comisión evitou unha limitación excesiva á hora de describir os tipos de proxectos que espera recibir.

A continuación, centrámonos en ampliar a temática seleccionada polo Concello de Vigo para esta primeira convocatoria, a transición enerxética.

